

As «millennials» que axitan con forza as nosas letras

Son menores de 35 e comparten unha ollada feminista e xeracional. Que novas voces refrescan o panorama literario e social?

••• MALORES VILLANUEVA

Oluns que vén celébrase o Día das Escritoras, unha data aínda sen moita tradición, pero necesaria para reivindicar o papel das mulleres na escrita. Certo é que na literatura galega temos de mascarón de proa a Rosalía de Castro, pero non o é menos que foi un caso excepcional en todos os sentidos. O presente século está chamado a revertir esta anomalía e a día de hoxe moitos son os nomes de referencia nas nosas letras. Elas emprenderon un camiño non sempre doado que facilitou e facilita a andaina ás novas xeracións.

Mentres en poesía publican a unha idade precoz, en narrativa non ocorre o mesmo, quizais porque unha novela precisa de máis alento, de máis tempo e doutras condicións das que non goza a xuventude actual. As editoriais afanábanse en realizar antoloxías coas novas promesas poéticas, pero ese intento non callou noutros xéneros. Quizais algunhas desas voces rematen por escribir tamén narrativa, como lle aconteceu a Berta Dávila (Compostela, 1987), que se iniciou co poemario *Corpo baleiro*, pero a quen lle chegou o éxito no 2015 con *O derradeiro libro de Emma Olsen*. A esta novela seguíronlle *Carrusel* e *Illa deceptión*, coas que recibiu o favor da crítica e do público grazas ao seu estilo coitado ou ás imaxes precisas que nos insiren en mundos cheos de autenticidad-

de. A súa escrita envólvenos nun mar de sentimentos e logra penetrar psicoloxicamente nas personaxes, especialmente nas femininas, que acadan gran protagonismo. A enfermidade, a saúde mental, a morte ou a memoria son temas recorrentes e que trata de maneira memorable.

Da poesía tamén procede Lara Dopazo (Marín, 1985), que hai un ano publicou o celebrado libro de relatos *O axolote e outros contos de bestas e auga*, co que gañou o Premio Illa Nova. Anteriormente fixérase co certame Antía Yáñez (Burela, 1991) con *Senlleiras*, unha novela de grande éxito que intercala a historia de dúas mulleres en épocas moi diferentes, pero igualmente silenciadas. Yáñez defende que as súas obras son unha arma para cambiar o mundo, un instrumento capaz de entreter, por veces divertir, pero tamén de concienciar e, sen dúbida, faino grazas ao bo manexo do misterio e da acción.

O Premio Illa Nova de Narrativa está destinado a menores de 35 anos, nunha aposta da Editorial Galaxia polos novos valores. O vindeiro mes estará nas librerías *Oito días sen Eva Cortes*, a novela coa que Sara Vila Alonso (As Neves, 1989) gañou a última edición. Esta xornalista mantén a súa mirada na ficción, pois será a través dunha redactora dun xornal que viaamos debullando as pistas da desaparición dunha muller, ao tempo que descubrimos paralelismos entre ambas, sobre todo en relación cos seus medos e desexos.



Berta Dávila • FOTO: XOÁN A. SOLER



Sara Vila Alonso.

Finalista deste premio foi Andrea Barreira (A Fonsagrada, 1986) con *Palabra de bruxa*, unha obra que aínda a semana pasada era recomendada nestas páxinas pola *instagramer* Surfeando Libros. Agora ben, tamén hai voces que se estrean sen o respaldo dun xurado, como Ana Fontenla (Vilagarcía, 1992), que en *Números vermellos* afrontou os problemas da



Antía Yáñez • FOTO: ÁNGEL MANSO



Ana Fontenla • FOTO: MÓNICA IRAGO

súa xeración: a precariedade, a busca da identidade, a incerteza, o amor... Son textos moi heteroxéneos, que dialogan moi ben co seu traballo performativo e teatral, que nos aguilloan como sociedade e nos retratan, especialmente ás mulleres. Dende o mundo da escena soa con forza Ana Abad de Larriva (Vigo, 1988), gañadora do premio de textos teatrais Vidal Bolaño con *A sombra das árbores* e, máis recentemente, do I Certame de Microteatro da Memoria, onde dá voz a María, a nai do último alcalde republicano de Tui.

Elas son só algunhas das nosas escritoras novas e veñen non só para quedar, senón para axitar o panorama editorial dende a súa perspectiva *millennial*. Unha xeración preparada e crítica, que reclama o seu espazo e a quen lle quedan todas as historias por contar.

As «Cosas» de Castelao volven en castelán ás librerías

••• CARMÉ D. PROLA/A.

Un home único de categorías múltiples, así define o escritor Domingo Villar a Castelao no prólogo de *Cosas*, a tradución ao castelán dunha das obras mestras do autor galego. Da man de Libros del Asteroide, volve ás librerías para renovar a tradución do ano 1977, da que é practicamente imposible conseguir exemplares. Os encargados de que Castelao fale castelán son Luis Solano, editor de Libros del Asteroide, e o propio Domingo Villar. Destas mans nace, como sinala Luis Solano, «una edición necesaria, porque este autor y esta obra es patrimonio de todos los españoles, no podía ser que no se encontrara la traducción en las librerías».

Outro motivo que levou a Solano a apostar por *Cosas* agora é que, a pesar de estar escrito no ano 1926, cunha última revisión en 1934, segue sendo actual: «Las cosas que cuenta, cómo las cuenta y la mirada que tiene sobre la gente, el territo-

rio o los desfavorecidos es una mirada profundamente contemporánea». Por iso considerou *Cosas* como un título que encaixaba dentro da colección de literatura contemporánea e clásicos modernos. Contra o que poderíamos imaxinar, non é unha edición especial dentro da colección, xa que segue a mesma liña estética que os libros doutros autores. «Me interesa mucho que el libro se lea y se valore por sí mismo. Creo que, si lo presentas como una rareza, harás que el lector la perciba como tal. Le estaríamos quitando valor al texto y no, es un libro tan potente y tan extraordinario como cualquiera de los que publicamos y, por lo tanto, tiene que poder aparecer en esta colección. Hemos intentado reinterpretar esa maquetación origi-



Nova tradución

A obra está publicada por Libros del Asteroide e traducida por Domingo Villar e Luis Solano

nal y pensar en cómo le gustaría, a Castelao, verlo en esta editorial», explica Solano.

O editor tamén destaca a importancia das ilustracións: «La gracia del libro y una de las cosas que más me gustan es la ilustración. Me parecen muy modernas. Es difícil de creer que sean de los años veinte, por la limpieza del trazo, por la fuerza...».

UNHA MIRADA PROPIA

Trasladar as ideas dun texto de case cen anos escrito co humor e a visión particular de Castelao non é tarefa fácil. Facer unha boa tradución sen perder a esencia da obra, conta Solano, foi un dos grandes retos do proxecto. «Castelao escribe en un momento en el que la lengua lite-

raria galega se está formando y hay una mezcla de cultismos con el habla popular. El objetivo es que el lector en español se pueda acercar a la obra y al autor perdiendo la menor cantidad de cosas posible, conservando las referencias culturales y sobre todo la gracia del idioma y la musicalidad», conta o editor de Asteroide.

As referencias ao imaxinario popular galego son constantes na obra, no texto e nas ilustracións. Para non perder isto, cando Villar e Solano comezaron a traballar, pensaron en deixar certas palabras en galego. Finalmente, despois de moito debate, foron achegando unha tradución fiel ao idioma e á intención orixinal.

A publicación de *Cosas* vén da man dunha reivindicación da importancia da figura de Castelao fóra de Galicia. «Es un escritor imponente, dibujante, político, dramaturgo, médico... Quizás por haber sido tantas cosas se le da un poco por supuesto y no se le acaba por destacar mucho en ninguna de ellas. No se le reconoce tanto, sobre todo en España, aunque hay pocos del mismo nivel en la primera mitad del siglo XX», sentenza Luis Solano.